

# PLAN DE ACOLLIDA



**CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA**  
**CURSO 2021-22**



## ÍNDICE

<b>1. XUSTIFICACIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2. ACCIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN .....</b>	<b>4</b>
<b>3. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....</b>	<b>7</b>
<b>4. Acci3ns formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado.....</b>	<b>10</b>
<b>5. Atenci3n aos aspectos emocionais e sociais.....</b>	<b>12</b>

## 1. XUSTIFICACIÓN

O Plan de Acollida do Ceip Pedro Barrié de la Maza ten por obxecto informar e acoller ao alumnado, ás familias e ao persoal integrante que iniciará o curso 2021-2022, facilitando a súa mellor adaptación ás circunstancias excepcionais ocasionadas pola COVID-19, segundo as instrucións facilitadas pola Consellería en función das directrices sanitarias.

Tratándose dun centro de gran volume, cun número de persoal e alumnado moi alto, é preciso realizar cambios na organización e na programación formativa que repercuten en toda a comunidade educative.

Por iso se fai necesario proporcionar as medidas tanto de prevención, hixiene e protección como de cambios metodolóxicos que afectan especialmente ao desenvolvemento dixital do alumnado, así como ao seu desenvolvemento social e emocional, fundamentais para a continuidade na súa formación integral.

Este documento complementa ao "Plan de Adaptación á situación COVID-19", no que se detallan todos os aspectos relacionados co cambio de organización e comportamento social relacionados coa situación e ao "Plan de Continxencia", no que se establecen as medidas a tomar no caso de cese de ensino presencial por a aparición dun abrocho.

Engadimos un tríptico resumido pois, independentemente da consulta de calquera dos aspectos desenvolvidos con profundidade nos documentos antes mencionados, precisamos unha "guía práctica" para resolver as situacións concretas que afectan a cadaquén, de maneira individual.

## 2. ACCIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

**2.1. Creación do Equipo COVID.** Este equipo docente e directivo determinará, coordinará e, de ser preciso, realizará as modificacións das medidas recollidas no Plan de Adaptación á situación COVID\_19 no curso 2021-2022, sendo o encargado de manter as comunicacións coas autoridades sanitarias e educativas sobre as incidencias que se poidan producir e de recoller e rexistrar a información correspondente.

**2.2. Sala COVID.** No colexio está habilitada unha sala de uso exclusivo para o illamento das persoas que presenten síntomas compatibles coa enfermidade. Conta coa ventilación adecuada e co material de protección: termómetro, indumentaria e máscara protectora para a persoa afectada e para o adulto responsable de tratarse de alumnado (preferentemente o/a titor/a), solución hidroalcohólica, papeleira con tapa e panos desbotables. Seguiranse as indicacións recollidas no punto 7 adicado á xestión de gromos do Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para os casos sintomáticos.

**2.3. Creación de Grupos de Convivencia Estables.** En Educación Infantil e na Educación Primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Se a transmisión é moi baixa permitirase que os grupos de convivencia estable interaccionen con outros grupos do mesmo curso, sobre todo ao aire libre.

### **2.4. Uso da máscara no centro.**

O profesorado, o alumnado de Educación Primaria, así coma o personal non docente e o contratado polo concello que traballa no centro, teñen a obriga de usar máscara durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. A obrigación non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

O uso de máscara é altamente recomendable para o alumnado de infantil, ademais da protección que ofrece, crea un hábito saudable.

## **2.5. Medidas xerais de protección individual: hixiene, desinfección, ventilación e distancia.**

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como os protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, nariz e boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado debe realizarse a lo menos na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use o material compartido.
- Á entrada e á saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans.
- Habilitar dispensadores de solución alcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiere e utilización alcohólica.
- Dotación de panos desbotables para todas as aulas.
- Ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
  - Ao tusir ou esbirrar, non retirarse a máscara, e cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.
  - Usar panos refungables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso cunha papeleira de tapa e pedal.
  - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar aseos).
- Extremarse a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas do protocolo.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros. Nas



aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.

- Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos. Cando se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura que deberá ser desinfectado polo usuario. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel. Nos supostos nos que exista un dispositivo informático a disposición do público xeral, cada usuario deberá desinfectalo antes do seu uso.
- Considerarase pouco recomendable pola falsa seguridade que pode transmitir, o de uso de luvas.. Na caso do persoal de limpeza o seu uso é obrigatorio.

## **2.6. Limpeza dos espazos, material e mobiliario.**

O persoal de limpeza designado para o centro contará cunha persoa en cada recinto durante a mañá e as necesarias pola tarde para manter as condicións recollidas no Plan de adaptación.

O servizo de limpeza cumprirá as medidas de protección individual esixidas e ocuparase da limpeza do mobiliario, materiais e espazos comúns, con maior insistencia nos de uso compartido (aseos, pomos, pasamáns, ...) empregando os produtos desinfectantes autorizados e panos desbotables. Vixiará as papeleiras e realizará as tarefas de ventilación que lles corresponde.

A limpeza do mobiliario e obxectos empregados ao longo da xornada escolar (ordenadores, mesas e cadeira en aulas comúns, ...) corresponderalle ao/á usuario/a dos mesmos e, no caso do alumnado, contará coa axuda e supervisión do profesorado.

O profesorado será o encargado de supervisar o uso do xel hidroalcolico, a limpeza do mobiliario, espazos e materiais usados nas súas clases, así coma das ventilacións frecuentes.

## **2.7. Material de limpeza.**

A compra, inventariado e xestión do material dispoñible de protección, limpeza e desinfección relacionado coa COVID-19 será responsabilidade da secretaría, en colaboración co equipo COVID.



Realizarase unha dotación inicial do material de aula ao persoal ao inicio de curso e depositarase nos espazos comúns. Conserxería e o servizo de limpeza encargaranse da reposición.

## 2.8. Xestión dos gromos.

O procedemento que se seguirá no caso de que se detecte un gromo está recollido no Plan de Continxencia do centro. Neste procedemento asegurase a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe e estableceranse as medidas necesarias para un retorno graduado e seguro á actividade presencial, facilitando os medios e condicións necesarias para cada caso.

## 2.9. Persoas vulnerables.

Están recollidas as condicións para a consideración de posible vulnerabilidade de calquera persoa asistente ao centro escolar e están indicadas no punto 29 do Plan de Adaptación e referidas ao Protocolo de Inicio de curso facilitado polas autoridades educativas e sanitarias. No caso do profesorado e persoal non docente, poderá realizar a solicitude co ANEXO facilitado para tal fin.

No caso do alumnado, de considerarse persoa vulnerable, deberá quedar xustificada a causa, xa que a asistencia diaria ao centro é obrigatoria.

## 2.10. Test de autodiagnóstico familiar.

É responsabilidade de cada familia realizar un control diario do alumnado, realizando a enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19 recomendada polas autoridades e facilitada no Protocolo de Adaptación ao context COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 de Adaptación 2020 (ANEXO I) coa finalidade comprobar que ningún/a alumno/a acode ao centro con síntomas compatibles.

## 3. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

### 3.1. Entradas, saídas.

Os accesos ao centro realizaranse de maneira graduada, tratando de evitar aglomeracións tanto dentro como fóra do centro. Tanto as familias coma o equipo docente esforzarémonos por dar exemplo e facilitar a circulación máis segura para o alumnado.

INFANTIL		
<b>Entrada:</b>		
07:30 h	Alumnado madrugador	Acceden ao comedor
08:35 h	Alumnado transportado	Acceden Patio cuberto
08:55 h	Alumnado patio cuberto	Acceden aulas cos mestres
09:00 h	Alumnado acompañado	Accede ás aulas
<b>Saída:</b>		<b>Entrada</b>
13:45 h	Alumnado transportado	Sube ao transporte



14:00 h	Alumnado acompañado	Entrega patio cuberto
13:30 h	Alumnado comedor	Accede ao comedor

PRIMARIA		
Entrada:		
07:30 h	Alumnado madrugador	Acceden ao comedor
08'35 h	Alumnado transportado	Acceden ao pavillón
08:55 h	Alumnado pavillón	Acceden ás aulas cos mestres
09:00 h	Alumnado acompañado	Accede ás aulas
Saída:		
13:45 h	Alumnado transportado	Inicia acceso aos buses
13:40 h	Alumnado comedor de 1º e 2º	Accede ao comedor
13:50 h	Alumnado comedor de 3º a 6º	Accede ao comedor
14:00 h	Alumnado acompañado	Entrega ás familias

### 3.2. Recreos e almozos

O **recreo** farase en Educación Primaria de maneira graduada, establecendo dúas quendas, e ocupando espazos diferenciados para os distintos niveis. Os accesos están indicados nos planos e o alumnado será guiado e informado en todo momento. Os detalles dos horarios, accesos e espazos adxudicados están explicados no Plan de Adaptación. En Educación Infantil haberá unha única quenda de recreo e, ao igual que en EP os distintos niveis ocuparán espazos diferenciados. Poderán compartirse obxectos coas medidas de hixiene necesarias.

Os **almozos en Educación Primaria** faranse no patio no recreo, dependendo da quenda correspondente, coa vixilancia do profesorado titor e mantendo as medidas de limpeza individual. En Educación Infantil realizaranse na aula.

### 3.3. Alumnado transportado

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas a prazas coa obriga do emprego de máscara.

Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento. Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo. O centro educativo dispón de espazo para a entrada dos autobuses dentro do recinto co que permitirase a mesma con parada separada do restante alumnado. Este alumnado terá prioridade para entrada nas aulas con carácter xeral.

### 3.4. Servizo de madrugadores e comedor escolar.





O servizo de madrugadores continuará funcionando coma sempre.

Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos de Convivencia Estable conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 m. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

Realizaranse 2 quendas.

O comedor ventilarase con ventilación cruzada, as portas permanecerán abertas.

Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servile sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común.

O Equipo Covid do centro dispón dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico.

Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula e serán acompañados ao comedor, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.

Antes de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño para realizar a hixiene de mans. Garantirase a existencia de xabón nos aseos e papel para secar as mans na entrada do comedor, así como dispensadores de xel hidroalcohólico.

Despois do comedor hixienizaranse as mans mediante o xel hidroalcohólico.

Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Será necesario ventilar o comedor tras cada quenda un mínimo de 15 minutos.

Cando remate a comida, o alumnado sairá por orden segundo están sentados nas cadeiras e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados para o efecto, ata que os familiares os recollan por grupos de convivencia estable ou grupos previos establecidos para tal fin, ou ata o inicio da actividade lectiva de tarde. Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar.

Para as entradas e saídas do centro ou para o inicio do servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible.

O persoal colaborador respectará as ratios que correspondan ao número de alumnos/as presentes en



cada unha das quendas.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, pero si nas tarefas de limpeza.

No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor independentemente do réxime de xestión.

### **3.5. Acceso das familias ao centro, reunións e titorías:**

O acceso das familias ao centro non está permitido, agás nos casos estritamente necesarios. A atención realizarase polas vías habituais a distancia ou, previa cita.

En xeral, as reunións poderanse facer a distancia ou presenciais, dependendo da situación nese momento, garantindo neste último caso o espazo adecuado para manter a distancia de seguridade e, no caso de reunións coas familias, restrinxindo a asistencia a unha persoa, para cumprir co aforo.

As titorías serán preferentemente telemáticas e, de ser presenciais, cumprirán coas condicións de seguridade, distancia e previsión esixidas no Plan de Adaptación 2021-22.

### **3.6. Celebración de eventos e actividades complementarias.**

Nas celebracións, os agrupamentos quedan restrinxidos aos agrupamentos estables de convivencia. Evítanse aglomeración de persoas nas celebracións de eventos no centro, que serán organizadas polo equipo docente para determinar a seguridade nas condicións nas que se van a desenvolver relativas á distancia entre persoas, ao aforo dos espazos e ás medidas de desinfección e ventilación adecuadas.

As actividades complementarias que se realizarán fóra do centro poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas. Aconséllase que se aproveiten os recursos da propia localidade.

## **4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO.**

A competencia dixital, fundamental para o desenvolvemento do ensino non presencial e necesaria para o presencial, será unha das accións prioritarias os primeiros días. As programacións didácticas



recollerán aquelas medidas que deban tomarse e deseñarán metodoloxías e criterios de avaliación acordados con ambos escenarios.

No punto 29 do Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 están recollidas as actuacións de coordinación da xestión e dinamización da páxina web e da aula virtual, así coma as instrucións que se han de seguir para desenvolver as actividades programadas a través dos medios dixitais, xa que estas serán as vías empregadas para o ensino a distancia, tal como se veu facendo no terceiro trimestre do curso anterior.

Corresponde ao profesorado que designe a dirección do centro, asistidos de ser o caso polos asesores Abalar, continuar coa mellora do funcionamento e o mantemento da aula virtual. Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado. Realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos/ás alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible (ás persoas coordinadoras TIC poderán crear modelos básicos que sexan homoxéneos para a totalidade dos cursos e que faciliten o labor do profesorado con menor experiencia no uso). Porase a disposición do profesorado uns videotutoriais para a realización das tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual.

Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector/a o seu usuario e clave.

No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e notificarano ao equipo directivo. O equipo directivo atenderá estas necesidades co equipamento co que foi dotado no marco do Plan de Redución da Fenda Dixital, sempre que non se trate de alumnado Edixgal que contará con recursos específicos. No caso de corentenas ou illamentos, de non contar con recursos propios, procederase de acordo co sistema habilitado para a cesión de dispositivos Covid.

Continuarase coa oferta de formación en aulas virtuais. As persoas asesoras Abalar de zona e da UAC



(Unidade de Atención a Centros) prestarán especial atención para a atención dos problemas tecnolóxicos que poidan xurdir. Para fornecer de contidos á aula virtual o profesorado poderá usar os dispoñibles no espazo Abalar, os que figuran na web do Ministerio, ou calquera outro dispoñible. Entre estes recursos inclúese a oferta dunha actividade de formación de 15 horas que permita iniciarse e afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais. Estes cursos desenvolveranse na propia aula virtual de cada centro e incluírán contidos axustados ás características e necesidades dos diferentes contextos.

No suposto de ensino non presencial, o centro garantirá unha axeitada atención a todo o alumnado, en especial ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo; coidarase o acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera das súas formas e, en colaboración co Departamento de Orientación e do equipo docente, proporcionarase a información e o adecuado asesoramento ás familias.

## **5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS.**

O alumnado de menor idade precisa establecer vínculos afectivos co profesorado e cos iguais que lles dean confianza para explorar as posibilidades que lle ofrece o entorno escolar. esta circunstancia é especialmente relevante no caso do alumnado de 4º de infantil, que se escolariza por primeira vez no centro e do alumnado de primeiro de primaria que ven de escolas veciñas. Propiciaranse para estes casos e para o conxunto contornas escolares saudables e seguras a través de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas a cada etapa.

Dentro do Plan Proxecto desenvolveranse actividades destinadas ao desenvolvemento afectivo, social e creativo, contribuíndo así á mellora do benestar emocional do alumnado nesta etapa tan complicada na que o contacto social se limita á distancia.